



## O HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO EMPREGA UNHA NOVA TÉCNICA DE CIRURXÍA XINECOLÓXICA LAPAROSCÓPICA

- *O sistema está recomendado en pacientes con adherencias intestinais aos tecidos abdominais*
- *A técnica consiste no emprego dunha campá de succión que facilita a intervención, evitando danos nestes pacientes con adherencias intestinais*

**Vigo, 28 de marzo de 2024.-** O Servizo de Xinecoloxía e Obstetricia do Hospital Álvaro Cunqueiro acaba de realizar unha intervención cirúrxica xinecolóxica laparoscópica empregando un novo sistema, que permite unha maior precisión á hora de realizar este tipo de intervencións, denominado Dispositivo de Succión Abdominal.



O novo dispositivo empregado consiste nunha campá de succión que, ao aplicarse no abdome da paciente, sube á parede abdominal, contribuíndo a xerar un espazo interno que fai máis precisa a introdución da agulla de Varess (tamén coñecida como cánula de insuflación de gas); unha operación que en ocasións pode ter complicacións, sobre todo no caso de pacientes con cirurxías previas. Así mesmo, o dispositivo reduce a curva de aprendizaxe da técnica e tamén o tempo de creación do pneumoperitoneo.

### Éxito no resultado

A paciente, que foi dada de alta 48 horas máis tarde da intervención e que evoluciona favorablemente no seu domicilio, é unha muller de 53 anos, diagnosticada con endometriose e útero miomatoso, e á que se lle aplicou previamente un tratamento



hormonal con resultados discretos, polo que se recomendou a súa intervención cirúrxica laparoscópica.

A intervención foi realizada polo Servizo de Xinecoloxía e Obstetricia do Hospital Álvaro Cunqueiro e na que participou a Dra. María Dolores Vieitez Villaverde e a Dra. Paula María González Gil, xinecólogas especializadas en endometriose. Así mesmo, na intervención estiveron presentes o Dr. Juan Gilabert Estellés, xefe do Servizo de Xinecoloxía do Hospital Universitario de Valencia, e o Dr. Juan Gilabert Aguilar, xefe da Unidade de Endoscopia do Hospital Casa de Salud de Valencia; ambos con experiencia no emprego desta nova técnica e convidados pola empresa Core Access Surgical Technologies (CAST), fabricantes deste novo dispositivo denominado LevaLap 1.0.



### **Crecedemento anormal do tecido**

A endometriose é unha afección, moitas veces dolorosa, na que un tecido semellante ao que recobre o interior do útero crece fóra deste. Con frecuencia, afecta aos ovarios, ás trompas de Falopio e ao tecido que recobre a pelve. O tecido endometrial compórtase como o faría o mesmo tecido que recobre o interior do útero, engrosándose, separándose e xerando sangrados en cada ciclo menstrual, causando dor e moitas veces adherencias entre os tecidos. O problema é que crece en lugares onde non debería.

Na Área Sanitaria de Vigo diagnóstícanse anualmente uns 150 casos de endometriose, precisando intervención cirúrxica un cinco por cento deles.